



ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO DE MESÍA CELEBRADA O DÍA 14 DE XULLO DE 2021

ALCALDE

D. Mariano Iglesias Castro.

CONCELLEIROS/AS:

PSdeG-PSOE:

D^a Pilar Sánchez Ulloa.

D. Gervasio Sánchez Barreiro.

D. José Pardo Álvarez.

D. José Fernando García Lesta.

D^a María Amparo García Pernas.

D. Manuel Méndez Remeseiro.

D. José Bello López.

D. José Manuel Blanco López.

PP:

D. Javier López Vázquez.

BNG:

D^a Beatriz Louro López.

En Mesía, a 14 de xullo de 2021, sendo as oito horas e trinta minutos, na Casa do Concello, logo da convocatoria para o efecto, reuníronse, en primeira e pública convocatoria, os señores concelleiros que se relacionan na marxe, co obxecto de celebrar sesión extraordinaria do Pleno.

A tódolos asistentes entregóuselles copia da Orde do Día, cos asuntos para tratar, poñéndose á súa disposición o expediente da sesión e cumprindo os trámites esixidos pola normativa vixente. Estando presente o quórum necesario, polo Sr. Alcalde declárase validamente constituída a sesión. Pásase a continuación a tratalos seguintes asuntos incluídos na Orde do Día:

1. APROBACIÓN INICIAL CRÉDITO EXTRAORDINARIO CE 01/2021.

O Sr. Alcalde da conta da proposta, da que o seu teor literal di:

“PROPOSTA DE PRESIDENCIA Ó PLENO DO CONCELLO

Incoado por esta Presidencia expediente de modificación de créditos



CONCELLO DE MESIA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F: P-1504800 B Telf. (981) 63 70 01 - Fax 63 70 69

exp. 2021/G010/000006

(referencia CE 01/2021), de conformidade cos artigos 177 e concordantes do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido das facendas locais, e 35 e seguintes do R.D. 500/1990, do 20 de abril, segundo Memoria xustificativa na que se recollen as seguintes actuacións para as que non existe crédito no orzamento vixente e que deben realizarse de xeito inmediato no presente exercicio, crédito extraordinario que será financiado con cargo ao remanente de tesourería para gastos xerais.

DENOMINACIÓN OBRA	IMPORTE	XUSTIFICACIÓN	APLICACIÓN
REPARACIÓNS NO POLIDEPORTIVO DE OLAS	245.408,04€	REPARACIÓNS FILTRACIÓNS DE AUGA EN VESTIARIOS, TEITO, GRADAS E PAVIMENTO QUE IMPOSIBILITAN O SEU USO	342.61900
CAMIÑO DE AC-223 Ó LUGAR DE RECELLE (MESÍA)	168.596,14€	MELLORA CAPA RODADURA. CAMIÑOS MOI DETERIORADOS	453.61900
CAMIÑO DE AC-223 Ó LUGAR DO CAMPO (MESÍA)	49.010,80€	MELLORA CAPA RODADURA. CAMIÑO MOI DETERIORADO	453.61900
PISTA NO COUTO (XANCEDA) E OUTROS	49.203,19€	MELLORA CAPA RODADURA. CAMIÑOS MOI DETERIORADOS	453.61900
PISTA DO RÍO SAMO Ó COUTO (BASCOI) E OUTROS	49.209,34€	MELLORA CAPA RODADURA. CAMIÑOS MOI DETERIORADOS	453.61900
ACONDICIONAMENTO NÚCLEO DE BUSTO	63.693,03 €	MELLORA CAPA RODADURA CAMIÑOS MOI DETERIORADOS E GABIAS DE SEGURIDADE	453.61900
ACONDICIONAMENTO ÁREA RECREATIVA EN TORRE	40.671,21€	SENDEIROS, EQUIPAMENTOS E LIMPEZA PARA RECUPERACIÓN ZONA DEGRADADA	171.60900
DEMOLICIÓN DE VIVENDA TRADICIONAL E ACONDICIONAMENTO DE PARCELA EN OLAS	38.232,54€	DEMOLICIÓN POR ESTADO RUIOSO CON PERIGO DE DERRUMBE E ACONDICIONAMENTO PARCELA PARA APARCAMENTO	933.61000
PECHE PERIMETRAL DA PARCELA DO PUNTO DE ATENCIÓN Á INFANCIA	39.476,54€	CONSTRUCCIÓN PECHER QUE PERMITA O USO DA PARCELA EXTERIOR EVITANDO RISCO PARA OS NENOS	231.60900
ARRANXO PISCINA INFANTIL (XANCEDA)	47.322,95€	ARRANXOS DEFICIENCIAS POR DETERIORO NAS INSTALACIÓNS	342.61900
PARQUE INFANTIL NA PRAZA PÚBLICA DE CABRUI	42.134,50€	REALIZACIÓN DUN PARQUE INFANTIL NECESARIO PARA OS NENOS DA PARROQUIA	171.60900
PARQUE INFANTIL ÁREA RECREATIVA PONTE CARBALLA, PARQUE INFANTIL NO LOCAL SOCIAL DE LANZÁ E PARQUE INFANTIL NA PRAZA PÚBLICA DE BASCOI	48.328,00€	ARRANXOS E SUSTITUCIÓNS DE ELEMENTOS PARA FACER PRACTICABLE OS PARQUES INFANTÍS EXISTENTES CONFORME NORMATIVA DE SEGURIDADE	171.61900
CUBRICIÓN DE ESPAZO EXTERIOR ANEXO A LOCAL SOCIAL EN BOADO	31.821,29€	AMPLIACIÓN ANEXO PARA REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES CON MAIOR ESPAZO	933.60900
CUNETA EN FONTORTO (BOADO)	25.540,03€	ARRANXOS POR RAZÓN DE SEGURIDADE VIARIA PARA EVITAR DESPRENDEMENTOS NO LATERAL DA VIA	453.61900
CUNETA PISTA PONTE FEÁS	25.261,47€	ARRANXOS POR RAZÓN DE SEGURIDADE VIARIA PARA EVITAR DESPRENDEMENTOS NO LATERAL DA VIA	453.61900
ACONDICIONAMENTO BRAÑAS DA VALGA	28.579,50€	SENDA PEONIL E BARANDAS DE SEGURIDADE	171.60900
CONSTRUCCIÓN DE MURO DE CONTENCIÓN EN ALBIXOI	7.415,58€	SEGURIDADE VIARIA POR PERIGO DE DESPRENDEMENTOS	453.61900
TOTAL	999.904,15€		



CONCELLO DE MESIA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800B Telf. (981) 63 70 01 - Fax 63 70 69

exp. 2021/G010/000006

Vistos os informes de Intervención en relación coa lexislación aplicable e en relación coa estabilidade orzamentaria, resultando deste último que a presente modificación daría lugar a inestabilidade orzamentaria na liquidación do orzamento do presente exercicio.

Tendo en conta que por Acordo do Congreso dos Deputados de 20 de outubro de 2020 están suspendidas as regras fiscais para 2020 e 2021, polo que, en consecuencia, en caso de incumprimento na liquidación do orzamento, non estaría obrigado o concello a adoptar as medidas correctivas establecidos na lexislación de estabilidade orzamentaria.

Resultando necesario levar a cabo as actuacións referidas polos motivos indicados, debendo realizarse as mesmas de xeito inmediato no presente exercicio, de conformidade cos artigos 177 e concordantes do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, esta Presidencia somete o Pleno da Corporación o seguinte acordo:

Primeiro.- Aprobar inicialmente o expediente de modificación de crédito, mediante crédito extraordinario CE 01/2021, financiado con remanente de tesourería para gastos xerais, por importe de 999.904,15€, destinado a financiar as seguintes actuacións:

Aplicación orzamentaria	Denominación	Consignación inicial	Crédito extraordinario	Consignación final
171.60900	Parques e xardíns. Outras inversións novas en infraestruturas e bens destinados ao uso xeral.	0,00€	111.385,21€	111.385,21€
171.61900	Parques e xardíns. Outras inversións de reposición en infraestruturas e bens destinados a uso xeral.	0,00€	48.328,00€	48.328,00€
231.60900	Asistencia social primaria. Outras inversións novas en infraestruturas e bens destinados a uso xeral.	0,00€	39.476,54€	39.476,54€
342.61900	Instalacións deportivas. Outras inversións de reposición en infraestruturas e bens destinados a uso xeral.	0,00€	292.730,99€	292.730,99€
453.61900	Estradas. Outras inversións de reposición en infraestruturas e bens destinados a uso xeral.	0,00€	437.929,58€	437.929,58€
933.60900	Xestión do patrimonio. Outras inversións novas en infraestruturas e bens destinados ao uso xeral.	0,00€	31.821,29€	31.821,29€
933.61000	Xestión do patrimonio. Adecuación e remodelación de solares por parte da entidade local ou seus organismos autónomos.	0,00€	38.232,54€	38.232,54€
TOTAL		0,00€	999.904,15€	999.904,15€

Segundo.- Expoñer ó público o expediente, previo anuncio no Boletín Oficial



da Provincia, e no taboleiro de edictos da Corporación, durante o prazo de quince días, contados a partir do seguinte ó da súa publicación no citado Boletín Oficial, para os efectos de exame e presentación de reclamacións ante o Pleno, segundo o disposto no artigo 177, en relación co 169 do RDL 2/2004, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais. O presente acordo entenderase aprobado definitivamente se durante o prazo de exposición ó público non se presentan reclamacións.

En Mesía, na data da sinatura electrónica. O alcalde, Asdo./D. Mariano Iglesias Castro. "

Manifesta o Sr. Alcalde que o presente crédito extraordinario contempla dezasete actuacións, cuxo contido paso a expoñer.

REPARACIÓNS NO POLIDEPORTIVO DE OLAS. É unha reparación integral, é o mellor polideportivo que temos pero ten máis de trinta anos. Afectará a tellado, canles, vestiarios e gradas.

CAMIÑO DE AC-223 Ó LUGAR DE RECELLE (MESÍA). É unha estrada moi importante que cruza tres parroquias, xa se ensanchou e atenderase ás zonas máis deterioradas.

CAMIÑO DE AC-223 Ó LUGAR DO CAMPO (MESÍA). Tamén está moi deteriorada e no seu día xa se ensanchou e fixemos canalizacións.

PISTA NO COUTO (XANCEDA) E OUTROS. Contempla arranxo en tres viales, no Couto, en Cabrui e na Carballeira, en Albixoi.

PISTA DO RÍO SAMO Ó COUTO (BASCOI) E OUTROS. Comprende cinco pistas, catro en Xanceda e unha en Mesía.

ACONDICIONAMENTO NÚCLEO DE BUSTO. Acondicionamento integral, xa que a pista está moi deteriorada. Tamén comprende unha barandilla.

ACONDICIONAMENTO ÁREA RECREATIVA EN TORRE. Acondicionarase o espazo xunto ao río, cuns sendeiros, aceiras en formigón, barbacoa, bancos e axardinamento.

DEMOLICIÓN DE VIVENDA TRADICIONAL E ACONDICIONAMENTO DE PARCELA EN OLAS. É unha parcela que adquirimos o ano pasado que da á Igrexa de Olas e ao campo de fútbol. Obtivemos os permisos de Patrimonio para demoler e acondicionarase para o fin para o que se adquiriu.

PECHE PERIMETRAL DA PARCELA DO PUNTO DE ATENCIÓN Á INFANCIA. Deixarase unha zona verde, permitindo que os nenos estean no exterior con



seguridade.

ARRANXO PISCINA INFANTIL (XANCEDA). Impermeabilizárase o vaso da piscina dos nenos, que ten moitas fugas, e acondicionárase o entorno.

PARQUE INFANTIL NA PRAZA PÚBLICA DE CABRUI. Xa trouxemos esta obra cos orzamentos o ano pasado pero como non nos deron ao final a subvención que pedimos, desistimos. Agora farase para que a parroquia tamén teña o seu parque.

PARQUE INFANTIL ÁREA RECREATIVA PONTE CARBALLA, PARQUE INFANTIL NO LOCAL SOCIAL DE LANZÁ E PARQUE INFANTIL NA PRAZA PÚBLICA DE BASCOI. Son actuacións sobre parques existentes. O de Ponte Carreira tivemos que retiralo porque non cumpría coa lei, o de Lanzá o pásase a caucho e se amplía, e o de Bascoi tamén se arranxa.

CUBRICIÓN DE ESPAZO EXTERIOR ANEXO A LOCAL SOCIAL EN BOADO. O local é moi pequeno, construírse un porche. Xa consensuamos con Patrimonio a actuación a realizar porque outras non nos autorizaron a facelas.

CUNETA EN FONTORTO (BOADO). Canalizaranse augas nunha zona problemática nos invernos con moita auga.

CUNETA PISTA PONTE FEÁS. Farase unha esollera de granito en catro camiños, por razóns de seguridade.

ACONDICIONAMENTO BRAÑAS DA VALGA. Farase unha senda peonil e barandas de seguridade. A actuación a subvencionar o programa Leader, de Agader, pero non sabemos en qué porcentaxe, polo que só colleremos a cantidade que sexa necesaria para cumprimentar a subvención.

CONSTRUCCIÓN DE MURO DE CONTENCIÓN EN ALBIXOI. Trátase dun muro de formigón a construír no cemiterio de Albixoi.

O crédito extraordinario financiarase con remanente de tesourería para gastos xerais, que, segundo a liquidación do pasado exercicio, ascendeu a 1.340.350,35 euros. Paso a palabra aos grupos municipais.

Manifesta a Sra. Louro que votará a favor pero bótase de menos un punto de captación de auga en Cabrui, que xa había solicitado nun rogo en sesión plenaria.

Manifesta o Sr. López que votará a favor.

Agradece o Sr. Alcalde o voto afirmativo e manifesta que para o punto de captación fan falta terreo e auga, e en Cabrui hai problemas neste sentido. Gustaríanos que Cabrui tivera un punto de captación, pero tampouco o ten Lanzá polos mesmos motivos.

Non habendo máis intervencións, sometido o asunto a votación, apróbase por



unanimidade dos concelleiros presentes.

2. APROBACIÓN INICIAL SUPLEMENTO DE CRÉDITO SC 01/2021.

O Sr. Alcalde da conta da proposta, da que o seu teor literal di:

“PROPOSTA DE PRESIDENCIA Ó PLENO DO CONCELLO

Incoado por esta Presidencia expediente de modificación de créditos (referencia SC 01/2021), de conformidade cos artigos 177 e concordantes do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido das facendas locais, e 35 e seguintes do R.D. 500/1990, do 20 de abril, segundo Memoria xustificativa na que se recollen os seguintes gastos para os que o crédito existente no orzamento vixente é insuficiente, e que deben realizarse de xeito inmediato no presente exercicio.

a) Proxecto NOVO DEPÓSITO REDE DE ABASTECIMENTO EN CUMBRAOS, consignado por importe de 176.730,41€ na aplicación orzamentaria 161.01.62200, proxecto financiado parcialmente por unha subvención da Deputación Provincial de A Coruña e que ten un importe total de 202.630,11€, correspondéndolle ao concello unha aportación de 40.526,03€. Proponse a tramitación dun expediente de suplemento de crédito con cargo ao remanente de tesourería para gastos xerais por importe de 5.179,95€ aos efectos de completar a achega municipal.

b) Gastos de mantemento e comisións bancarias. Sendo así mesmo insuficiente o crédito de 229,44€ existente na aplicación orzamentaria 934.35900, debido ao incremento dos citados gastos, proponse a tramitación dun expediente de suplemento de crédito con cargo ao remanente de tesourería para gastos xerais por importe de 1.000,00€.

Vistos os informes de Intervención en relación coa lexislación aplicable e en relación coa estabilidade orzamentaria, resultando deste último que a presente modificación daría lugar a inestabilidade orzamentaria na liquidación do orzamento do presente exercicio.

Tendo en conta que por Acordo do Congreso dos Deputados de 20 de outubro de 2020 están suspendidas as regras fiscais para 2020 e 2021, polo que, en consecuencia, en caso de incumprimento na liquidación do orzamento, non estaría obrigado o concello a adoptar as medidas correctivas establecidos na lexislación de estabilidade orzamentaria.

Resultando necesario levar a cabo as actuacións referidas polos motivos indicados, debendo realizarse de xeito inmediato no presente exercicio, de



CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800B Telf. (981) 63 70 01 - Fax 63 70 69

exp. 2021/G010/000006

conformidade cos artigos 177 e concordantes do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, esta Presidencia somete o Pleno da Corporación o seguinte acordo:

Primeiro.- Aprobar inicialmente o expediente de modificación de crédito, mediante crédito extraordinario SC 01/2021, financiado con remanente de tesourería para gastos xerais, por importe de 6.179,95€, destinado a financiar as seguintes actuacións:

Aplicación orzamentaria	Denominación	Crédito antes da modificación	Suplemento de crédito	Consignación final
161.01.62200	Abastecemento domiciliario de auga potable. Edifícios e outras construcións. "NOVO DEPÓSITO REDE DE ABASTECIMENTO EN CUMBRAOS"	176.730,41€	5.179,95€	181.910,36€
934.35900	Xestión da débeda e da tesourería. Outros gastos financeiros.	229,44€	1.000,00€	1.229,44€
TOTAL			6.179,95€	

Segundo.- Expoñer ó público o expediente, previo anuncio no Boletín Oficial da Provincia, e no taboleiro de edictos da Corporación, durante o prazo de quince días, contados a partir do seguinte ó da súa publicación no citado Boletín Oficial, para os efectos de exame e presentación de reclamacións ante o Pleno, segundo o disposto no artigo 177, en relación co 169 do RDL 2/2004, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais. O presente acordo entenderase aprobado definitivamente se durante o prazo de exposición ó público non se presentan reclamacións.

Mesía, na data da sinatura electrónica. O Alcalde, Asdo. Mariano Iglesias

Castro."

Manifesta o Sr. Alcalde que, como di a proposta, suplementarase crédito para un proxecto que xa está presupostado, pero houbo que facer modificacións na memoria que tiñamos e temos que cumprimentar uns cinco mil euros a maiores. Tamén increméntase a partida de gastos en comisións bancarias, aínda que non se prevé ningún tipo de operación, pero este ano están cobrando moito polo mantemento das contas. De feito, traballábase con tres entidades bancarias e agora xa centralizamos todo en unha.

Non habendo máis intervencións, sometido o asunto a votación, apróbase por unanimidade dos concelleiros presentes.

Non habendo máis intervencións nin asuntos que tratar, o Sr. Alcalde, sendo as nove horas, levanta a sesión, da que eu, Secretario - Interventor, certifico.

Visto e Prace,
O alcalde,



CONCELLO DE MESIA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800B Telf. (981) 63 70 01 - Fax 63 70 69

exp. 2021/G010/000006

D. Mariano Iglesias Castro.